globalexpress

▶ DOSSIER
▶ GUÍA DIDÁCTICA
▶ ACTIVIDADES

Setembro 2014 | Núm. 20

Dereitos moi frustrados

Introdución

Esta proposta didáctica está dirixida ao alumnado de Educación Secundaria e de Formación Profesional. As actividades poden ser útiles para a área de Cidadanía e Dereitos Humanos, Ciencias Sociais, Ética, titorías, etc., e tamén para calquera docente interesado no tema.

Durante a proposta serán manexados numerosos conceptos relacionados cos DDSS: Estado do benestar, democracia, fiscalidade, movementos sociais, economía neoliberal, leis hipotecarias... Ademais de poder traballar toda a proposta seguindo a orde proposta, as actividades foran concibidas para poder ser traballadas tamén como bloques independentes.

Igualmente, son propostas diferentes metodoloxías en cada actividade (análises de gráficas, debates, xogos, busca de información na Internet...), para poder satisfacer distintas necesidades e gustos.

Obxectivos

O obxectivo principal desta proposta é recoñecer os dereitos sociais básicos como elementos necesarios para loitar contra a pobreza e a desigualdade, entender cómo un sistema fiscal xusto pode contribuír para que o sistema de dereitos non sexa desmantelado, e reflexionar sobre o papel da cidadanía organizada para contribuír para a mudanza social.

- Coñecer qué son e cómo naceron os dereitos sociais (DDSS) básicos.
- Reflexionar e formar unha opinión propia sobre a necesidade da existencia duns dereitos sociais básicos, a súa interrelación e a importancia que teñen para a democracia e a xustiza.
- Coñecer cáles son os piares básicos que garanten e velan por estes dereitos: qué institucións os garanten, qué modelo de Estado é máis adecuado para a súa defensa, etc.
- Coñecer qué modelos económicos e intereses privados atentan contra os DDSS, especialmente no contexto actual, e as consecuencias que a aplicación das doutrinas neoliberais están a ter, especialmente nos sectores da sociedade máis vulnerábeis.
- Investigar un exemplo de cómo a cidadanía se está a organizar para reverter a agresión que están a sufrir os dereitos sociais: a Plataforma de Afectados pola Hipoteca (PAH).

sumario

p. 02 O barómetro de clase
p. 02 Buscando unha vida digna
p. 03 A historia dos dereitos
p. 03 Quen coida os nosos dereitos?
p. 04 Poñamos números aos recortes
p. 04 É a crise a malvada do filme?
p. 05 Como se poden endereitar os nosos dereitos?
p. 06 A loitar polos nosos dereitos
p. 08 Para continuar a traballar

1. O barómetro de clase

Obxectivo

- **Introducir de forma indirecta os seis dereitos sociais e xerar debate e preguntas sobre o tema.**

Contidos

As frases do barómetro están relacionadas cos seis dereitos con que imos traballar (nivel de vida saudábel, saúde, educación, traballo, seguridade social, participación na vida cultural).

Metodoloxía e orientación

Esta actividade ten un carácter introdutorio e tenta ser dinámica, participativa e motivadora. Para iso, tentaremos quebrar a disposición tradicional da aula.

A actividade consiste en marcar un punto da aula que represente o desacordo total e outro que represente o acordo total. Despois de ler cada frase, cada alumno/a deberá escoller en qué lugar se encontra, isto é, en qué medida está de acordo coas afirmacións. Pediremos a algún deles ou delas que expliquen o seu punto de vista, e, se os seus argumentos nos convencen, o alumnado poderá variar a súa posición.

Pode ser unha actividade utilizada tanto ao inicio como ao final do Global. Mesmo podería tirar unha fotografía ou gráfico para despois volver utilizalo e así comprobar qué mudanzas ocorreron.

2. Buscando unha vida digna

Obxectivos

- **Recoñecer de entre todas as nosas necesidades cáles son básicas, vitais e universais.**
- **Traballar actitudes como a participación, o debate e a argumentación.**

Metodoloxía e orientación

A persoa que guía a actividade debe realizar o papel de dinamizador e provocar en todo momento a reflexión e o debate para as persoas participantes defenderen as súas ideas. Primeiro, pode facerse un traballo individual ou en grupo pequeno para despois pólo en común e obter unha única lista onde deberían aparecer os dereitos económicos e sociais: traballo, educación, sanidade, vivenda, alimentación, cultura e cobertura social.

3. A historia dos dereitos

Obxectivo

- **Ofrecer unha visión histórica sintética dos dereitos.**

Contidos

A banda deseñada comeza co final do absolutismo e a Revolución Francesa, momento fundacional dos dereitos humanos e civís. Repasa, sumariamente, as principais loitas do s. XIX até chegar ao s. XX: o auxe do fascismo, a Segunda Guerra Mundial e a Guerra Fría. É neste momento que se formula, no seo de Nacións Unidas, unha ampliación de dereitos (os dereitos económicos, sociais e culturais, DESC).

Metodoloxía e orientación

A aula pretende aproxima os alumnos da idea de que os dereitos humanos, sociais, económicos, etc., como mecanismo para mitigar as desigualdades xeradas nas sociedades capitalistas, son éxitos que se atinxiron en gran parte grazas á loita e á mobilización social.

Porén, a consecución destes dereitos foi incompleta (non chegou a todos os países do mundo), limitada (non coa mesma extensión) e reversíbel (en contextos de graves crise económicas como o que estamos a sufrir).

Por este motivo, propomos aos alumnos dous exercicios. O primeiro pretende que proxecten cómo ven a historia dos dereitos dentro de 20 anos: se cren que os dereitos serán diminuídos, ampliados, estendidos a todas as partes do mundo, etc.

O segundo persegue que os alumnos reflexionen sobre cómo os DESC (dereitos económicos, sociais e culturais) pretenden superar os dereitos humanos, considerando que estes abordan problemáticas que manteñen relación non só coa liberdade (política, civil, etc.), mais tamén coa igualdade (económica, social, etc.).

4. Quen coida os nosos dereitos?

Obxectivos

- **Distinguir entre necesidade e dereito.**
- **Entender o que é un dereito e o que é un dereito público.**
- **Coñecer a existencia do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais e o seu contido.**
- **Comprender que existen necesidades que as persoas poden satisfacer individualmente e outras en que é necesaria a intervención do Estado e doutras institucións.**

Contidos

- Conceptos: dereitos, dereitos sociais, dereitos públicos.
- Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.
- O papel do Estado como garante dos dereitos sociais.

Metodoloxía e orientación

Nesta sección será necesario asegurármonos de que non existen dificultades de vocabulario e comprensión na lectura dos textos propostos.

Os/as alumnos/as deberán recoñecer, de entre as necesidades básicas da nosa lista, cáles poden se consideradas como dereitos universais, e clasificalas segundo o dereito a que fan referencia.

É importante que na sección d) aparezan os nomes das diferentes institucións (concellos, sindicatos, goberno central, gobernos autonómicos, etc.) e insistir, na seguinte sección, na súa obriga de garantir, en calquera lugar do planeta, o respecto por estes dereitos.

Todas as actividades deste bloque deben ser compartidas co grupo co obxectivo de xerar debate e comprobar que a comprensión dos conceptos é correcta.

5. Poñamos números aos recortes

Obxectivos

- **Coñecer a realidade a través de estatísticas, percibindo as consecuencias que teñen para as persoas do recorte dos dereitos básicos.**
- **Relacionar os fríos números estatísticos con situacións que afectan a vida concreta de millares de persoas.**
- **Investigar as causas profundas dos números que expresan os gráficos, coñecer a relación que existen entre eles e construír un xuízo crítico sobre as diferentes situacións que expresan os datos.**
- **Desenvolver a competencia matemática en estreita relación coa social e cidadá.**

Contidos

O contido fundamental desta sección son os datos que expoñen as causas e consecuencias que teñen para as persoas a falta ou a perda dos dereitos básicos que comprometen seriamente a posibilidade de teren unha vida digna, cunha auténtica igualdade de oportunidades.

Cada un dos gráficos pon de manifesto algún dos dereitos básicos que non están a ser garantidos para unha porcentaxe importante da poboación, e as consecuencias que isto ten para a súa propia vida.

Metodoloxía e orientación

O alumnado debería tirar algunhas ideas básicas, a partir do estudio e da relación das diferentes gráficas, con relación a uns números que pretenden ser unha representación das diferentes consecuencias que teñen os recortes na vida das persoas, que ven limitados ou anulados os seus dereitos básicos e plasman a dimensión que o problema dos recortes adquire para un conxunto da poboación importante.

Pode ser proposta a análise dos gráficos na chave formulada polas preguntas orientativas, como unha actividade individual que despois se comparta en grupo, ou partir de distintos grupos que dialoguen sobre as ditas cuestións para atinxiren os obxectivos indicados. Tamén podería ser distribuído entre os distintos grupos a análise de cada gráfico para que despois expoñan as súas conclusións para o coñecemento do resto da aula. Independentemente da metodoloxía escollida, as preguntas son orientativas para poder levar a cabo unha análise profundo que poña de manifesto as consecuencias resultantes da perda dos dereitos, así como albiscar as causas.

6. É a crise a malvada do filme?

Obxectivo

- **Reflexionar sobre as causas dos recortes en políticas sociais públicas.**

Contidos

O contido que imos traballar é a relación dos recortes sociais e a vontade política de investir en políticas públicas.

Metodoloxía e orientación

Trátase dun exercicio curto que serve de ligazón entre o traballado até agora, a importancia das políticas sociais para a loita contra a desigualdade, e o seguinte exercicio, en que traballaremos o sistema fiscal e a súa relación con estas.

A partir desta ilustración, que trata de ilustrar e convidar á reflexión de quén e qué fomenta a perda do acceso universal e de calidade a estes dereitos, quebraremos a mensaxe institucional que di que a crise nos obriga a diminuír o investimento en políticas públicas, para anticipar que o investimento nestas é cuestión de vontade política.

7. Como se poden endereitar os nosos dereitos?

Obxectivos

- **Promover o debate sobre a premisa de os recortes a as políticas públicas seren consecuencia dunha crise e de que non hai suficientes recursos económicos.**
- **Reflexionar acerca do que é a xustiza fiscal xusta e progresiva: deberían pagar máis os que máis teñen?**
- **Coñecer que existe fraude fiscal e a súa repercusión na recadación fiscal.**
- **Decatármonos de ónde proceden o diñeiro público.**
- **Convidar á busca de solucións individuais e colectivas con relación á falta de dereitos sociais.**

Contidos

O contido fundamental deste exercicio é a análise básica do sistema fiscal do Estado español, centrándonos en tres temas:

- Cómo se recada: a fraude fiscal (evasión e elusión fiscal) e a contribución económica dos diferentes estratos sociais.
- En qué se inviste: orzamentos xerais do Estado.
- O papel da cidadanía.

A partir deste coñecemento, promóvese a reflexión, o debate e a procura de solucións en torno da premisa de que a austeridade vén dada por unha falta de recursos económicos (o que puidemos observar que non é certo) e sobre o papel da cidadanía para combater esta situación.

Metodoloxía e orientación

Nesta actividade, e co obxectivo de poder aproximar a fiscalidade do alumnado dun xeito simple, simplificáronse moito os datos, a terminoloxía e a explicación de cómo funciona o sistema fiscal. Todos os contidos foron extraídos do relatorio Tanto tés, tanto pagas? de Oxfam Intermón, que recomendamos ler se cremos necesario profundar neste tema. *(http://www.oxfamintermon.org/es/documentos/28/05/14/tanto-tienes-tanto-pagas)*

A actividade parte da formulación dun "dilema moral" que ten como obxectivo traballar de maneira vivencial, cun símil, o que poderíamos entender por un sistema fiscal xusto e progresivo. Se o dilema moral non xurdir naturalmente na aula, sería bo esaxerar a situación para buscar o "conflito", aumentando o montante do regalo, por exemplo.

A metodoloxía propón tres actividades previas que nos permitirán facernos unha idea global das variábeis (fraude fiscal, xustiza fiscal, investimento en políticas públicas) coas que máis diante entraremos no debate proposto.

Para tornar visíbel e achegar estes conceptos, traballaremos a partir da manipulación dun billete. Estes exercicios non teñen preguntas, mais podemos ir incorporando reflexións durante os mesmos.

Partindo dun billete de papel, en primeiro lugar recortaremos o 24% do mesmo, pois isto responde á cantidade de diñeiro que se evade en España. Podemos facelo de dúas formas: recortar o 24% do total e ver qué parte corresponde a cada colectivo, ou recortar por colectivos. Isto permitiranos colocar sobre a mesa que a maior parte do diñeiro que se evade procede de multinacionais.

Enseguida, coloraremos a parte de billete que fica (recadación real) sobre a base do que fornece cada colectivo. Aquí podemos introducir a reflexión sobre o esforzo fiscal e cómo este é claramente inxusto, pois están a dar máis os que menos teñen.

Podemos vincular este exercicio coas reflexións que saíran no debate ao redor do dilema moral.

Despois móstranse tamén dous gráficos que nos permiten coñecer o investimento en políticas públicas, en 2010 e en 2014. Para entender este gráfico totalmente, recomendamos visitar a páxina seguinte: *http://dondevanmisimpuestos.es,* en que podemos entrar no detalle de cada un dos investimentos.

Este exercicio pode ter distintos graos de complexidade. Podemos

abordalo desde unha análise xeral de porcentaxes, ou podemos profundar e entender a complexidade dos orzamentos. É importante ter en conta que as políticas sociais públicas están en parte transferidas ás comunidades autónomas, así que, ademais de analizar o investimento do Estado, podemos analizar os recortes na partida de contribución para outras Administracións públicas.

No último exercicio, o alumnado é convidado a reflexionar, a través dunhas preguntas, sobre os distintos elementos que entran en xogo no sistema fiscal. A primeira pregunta permitiranos incorporar os conceptos de progresividade dos impostos e a evasión, para favorecer que o esforzo fiscal non recaia nos que menos teñen, chegando á conclusión de que, cun sistema fiscal progresivo e que loite contra a evasión fiscal, se conseguiría unha recadación xusta.

A segunda pregunta permítenos establecer o vínculo cos exercicios anteriores: uns orzamentos que invistan en dereitos sociais garantirán unha diminución da desigualdade e da pobreza.

Finalmente, a terceira pregunta convídanos á reflexión sobre a nosa responsabilidade como cidadanía na loita contra a desigualdade. Dependerá de nós o grao de profundidade en que o tratemos. Podemos introducir elementos como: transparencia, orzamentos participativos, o dereito de folga e manifestación (e o seu valor), o papel dos movementos sociais (a cidadanía organizada), etc.

Este exercicio final introdúcenos no seguinte, no cal profundaremos sobre o poder da cidadanía.

8. A loitar polos nosos dereitos

Antes de comezar a traballar este bloque, é moi importante ter preparados os conceptos que van ser traballados, para non caer en erros frecuentes e evitar o risco de non poder responder a preguntas (ás veces moi básicas) do alumnado. Por tanto, é interesante documentarse ben antes, en especial adquirir nocións básicas sobre a lei hipotecaria e os éxitos da Plataforma de Afectados pola Hipoteca (PAH).

Obxectivos

- **Dar a coñecer a PAH, os seus obxectivos, ferramentas e éxitos, como froito da reacción cidadá perante a vulneración de dereitos sociais fundamentais. O concepto chave é o *empoderamento*.**
- **Sensibilizar o alumnado sobre a realidade dos desafiuzamentos e o negocio dos empréstitos hipotecarios, e a deterioración do *dereito a unha vivenda digna*.**
- **Tornar visíbel a utilización de vellas e novas formas de protesto e participación cidadá (novas tecnoloxías como ferramenta de mudanza social, estruturas asemblearias, escraches, desobediencia civil, Iniciativa Lexislativa Popular, etc.).**

Contidos

- O efecto da burbulla inmobiliaria, os altos prezos das vivendas e as leis hipotecarias sobre o dereito á vivenda.
- As causas e consecuencias de perder unha vivenda nunha familia normal: a débeda hipotecaria.
- A creación da Plataforma de Afectados pola Hipoteca como exemplo de movemento cidadá organizado. Ferramentas e éxitos.

Metodoloxía e orientación

As actividades están estruturadas en tres bloques, cada un encabezado cunha breve introdución que achega os contidos ao alumnado apelando á súa realidade cotiá e a un plano máis emotivo. Enseguida, preséntanse unha serie de exercicios que axudarán a desentrañar algunhas das complexidades do porqué dos desafiuzamentos. Os dous primeiros bloques poderán ser resolvidos en conxunto nunha aula dunha hora; o terceiro bloque pode ter a extensión que se desexar, sendo no mínimo un par de horas na aula e algo de traballo en casa (sobre todo para poder acceder á páxina web e ao Facebook das plataformas). Todas as actividades foron concibidas para ser realizadas en grupos de varias persoas.

Bloque 1

Neste bloque, son presentados uns datos sobre a situación da vivenda en España. Despois, o alumno é convidado a entender cál é o beneficio que obteñen os bancos a través do empréstito hipotecario. Aquí tórnase necesario facer fincapé no feito de que, neste sector, primou a ansia de lucro dos bancos (que, canto máis prestan, máis gañan), sobre o dereito a unha vivenda digna. Tamén pode ser interesante crear un debate sobre o coñecemento (ou descoñecemento) dos dereitos dos cidadáns, sobre quén se beneficia deste descoñecemento, e sobre quén recae a responsabilidade de sermos unha cidadanía informada dos nosos dereitos.

Convidamos a ver este vídeo sobre un desafiuzamento:

https://www.youtube.com/watch?v=5pToHQcImXU#t=150

Bloque 2

Este segundo bloque pretende explicar (non é tarefa fácil) o problema da débeda que acaba facendo que millares de familias non poidan pagar as súas vivendas e sexan desafiuzadas. Para iso, propomos calcular simplemente a cánto ascende a débeda pendente dunha familia cun banco no momento que precede a un desafiuzamento, considerando o montante emprestado, os xuros, o capital amortizado e a diferenza entre o valor inicial da vivenda e o valor no momento do desafiuzamento. Consideramos que é importante entender este mecanismo para que o alumnado entenda por qué unha familia pode perder a súa vivenda e continuar a deber ao banco cantidades astronómicas. É importante, ademais, para entender a esixencia da dación en pagamento, a esixencia máis importante da PAH.

Neste sentido, ademais, hai que subliñar a diferenza entre unha execución hipotecaria (mecanismo polo cal un propietario perde unha propiedade inmobiliaria, que, despois de ser subhastada publicamente, pasa ás mans do banco acredor ou a outras mans para saldar a débeda contraída co banco), e un desafiuzamento (a decisión xudicial pola cal se procede ao desaloxo dun ou de varios inquilinos dunha vivenda por incumprimento dun contrato).

Bloque 3

Neste bloque, entramos totalmente no traballo da PAH. Para que o alumnado realice a investigación que propomos, suxerímosvos enseguida dúas opcións de traballo. Coa primeira, máis aberta, cada grupo realiza unha investigación libre e céntrase nos temas que máis lles chamen a atención; posteriormente, pode facerse unha breve exposición e debate na aula, guiado polo docente. Como segunda opción, suxerimos controlar un pouco máis a investigación, atribuíndo a cada grupo un tema ou concepto de traballo en concreto, como a Iniciativa Lexislativa Popular, os desafiuzamentos, a campaña de realoxamentos da PAH, os escraches, etc.

Na nosa opinión, é fundamental revisar a páxina web da PAH: *http://afectadosporlahipoteca.com/,* onde se pode encontrar material gráfico e información sobre o que fai a plataforma.

Ademais, como temas de reflexión e investigación, suxerímosvos:

- Cómo a PAH axuda a tornar visíbel unha realidade que moitos medios de comunicación (e, evidentemente, partidos políticos) tentan ocultar. Como exemplos, os escraches, ou a marcha a pé até Bruxelas para denunciar perante a Comisión Europea a situación dos desafiuzados: *http://www.eldiario.es/andalucia/Comision-Europea-Stop-Desahucios-Brusel...*
- Cómo os cidadáns se organizan para recuperar un dereito que lles está a ser roubado (ou por non dicilo en voz pasiva, que alguén lles está a roubar), creando espazos de traballo participativo e autoxestionado, asesorando legalmente os afectados, influíndo nos lexisladores e facendo incidencia política...

Cremos que nesta investigación non poden faltar:

- A presión política para a modificación da lei hipotecaria en España e a ILP.
- A campaña de STOP Desafiuzamentos.
- A obra social da PAH.

Para continuar a traballar

Unha actividade extra interesante que vos propomos é un estudo comparativo entre as PAH e a "Marea Branca", o movemento que entre os anos 2012 e 2013 conseguiu deter a privatización de sete hospitais madrileños. A partir da visualización dunha breve reportaxe de sete minutos emitida nunha canle e disponíbel na web, sería interesante poder estabelecer paralelismos e diverxencias entre ambos movementos cidadás no relativo a obxectivos, mensaxes, formas de participación cidadá, etc.

https://www.youtube.com/watch?v=VJO819zXyA8